

## ORDENANZA MUNICIPAL NÚMERO 2

# ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

### Artigo 1.- Normativa aplicable

O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, rexeráse neste Concello:

- a) Polas normas contidas no capítulo segundo, sección 3ª, subsección 4ª da Lei 39/1988 do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais; e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan a Lei.
- b) Pola presente ordenanza fiscal.

### Artigo 2.- Natureza e feito imponible

1. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.
2. Considérase vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivese causado baixa neles. Para os efectos deste imposto, tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.
3. Non están suxeitos a este imposto:
  - a) Os vehículos que, sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.
  - b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica de carga útil non superior a 750 quilogramos.

### Artigo 3.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, das que conste ao seu nome o vehículo no permiso de circulación.

## Artigo 4.- Exencións

### 1. Estarán exentos do imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.

Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

- c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en Tratados ou Convenios internacionais.
- d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ao traslado de feridos ou enfermos.
- e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida aos que se refire a letra A do Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan as ditas circunstancias, tanto as vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos bonificados por máis dun vehículo simultaneamente.

Para os efectos do disposto nesta letra, considéranse persoas con minusvalía as que teñan esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento.

- f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.
- g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

### 2. Para poder gozar das exencións a que se refiren as letras e) e g) do apartado anterior, os interesados deberán acompañar á solicitude os seguintes documentos:

- a. No suposto de vehículos para persoas con minusvalía ou de mobilidade reducida:
    - Fotocopia do Permiso de Circulación.
    - Fotocopia do Certificado de Características Técnicas do Vehículo.
    - Fotocopia do D.N.I. (anverso e reverso).
    - Fotocopia da certificación do grao de invalidez ou diminución física expedida polo órgano competente da Comunidade autónoma.
    - Declaración xurada, asinada polo suxeito pasivo ou, no seu caso, polo seu representante legal, de que o vehículo se destina para uso exclusivo do seu titular.
  - b. No suposto de tractores, remolques, semirremolques e maquinaria agrícola:
    - Fotocopia do Permiso de Circulación.
    - Fotocopia do Certificado de Características Técnicas do Vehículo.
    - Fotocopia da Cartilla de Inspección Agrícola expedida a nome do titular do vehículo.
3. Con carácter xeral, as exencións non terán carácter retroactivo, e os seus efectos comezarán a partir do exercicio seguinte á data da solicitude. Non obstante, cando o beneficio fiscal se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de devindicación do imposto concorren os requisitos esixidos para o seu recoñecemento.

## **Artigo 5.- Cota**

1. Sobre as cotas de tarifa sinaladas no cadro contido no artigo 96.1 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, aplicarase o coeficiente de incremento do 1,26 para todas as clases de vehículos:
2. Como consecuencia do previsto no apartado anterior, o imposto esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

	Cota
<b>Turismos</b>	
De menos de 8 cabalos fiscais.	<b>15,90 €</b>
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais.	<b>42,94 €</b>
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais.	<b>90,65 €</b>
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais.	<b>112,91 €</b>
De 20 cabalos fiscais en adiante	<b>141,12 €</b>
<b>Autobuses:</b>	
De menos de 21 prazas.	<b>104,96 €</b>
De 21 a 50 prazas.	<b>149,49 €</b>
De máis de 50 prazas.	<b>186,86 €</b>
<b>Camións:</b>	
De menos de 1.000 kg. de carga útil.	<b>53,27 €</b>
De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil.	<b>104,96 €</b>
De 2.999 a 9.999 kg. de carga útil.	<b>149,49 €</b>
De máis de 9.999 kg. de carga útil.	<b>186,86 €</b>
<b>Tractores:</b>	
De menos de 16 cabalos fiscais.	<b>22,26 €</b>
De 16 a 25 cabalos fiscais.	<b>34,99 €</b>
De máis de 25 cabalos fiscais.	<b>104,96 €</b>
<b>Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:</b>	
De menos de 1.000 kg. de carga útil.	<b>22,26 €</b>
De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil.	<b>34,99 €</b>
De máis de 2.999 kg. de carga útil.	<b>104,96 €</b>
<b>Outros vehículos:</b>	
Ciclomotores.	<b>5,57 €</b>
Motocicletas ata 125 c.c.	<b>5,57 €</b>
Motocicletas de máis de 125 c.c. ata 250 c.c.	<b>9,54 €</b>
Motocicletas de máis de 250 c.c. ata 500 c.c.	<b>19,08 €</b>
Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c.	<b>38,17 €</b>
Máis de 1.000 c.c.	<b>76,33 €</b>

2. Para os efectos de facilitar a aplicación das tarifas, teranse en conta as seguintes regras:
- a. O concepto das diversas clases de vehículos será o recollido na Orde do 16 de xullo de 1984. (B.O.E. nº 174 do 21 de xullo).
  - b. A potencia fiscal expresada en cabalos fiscais establecerase de acordo co disposto no artigo 260 do Código de Circulación.

- c. Os vehículos definidos como mixtos, todoterreo, mixtos adaptables, mixtos todoterreo, e furgón mixto adaptable e similares polo literal da clave numérica reflectido na ficha técnica, tributarán como turismo, pola súa potencia fiscal, salvo nos seguintes casos:
  - Se o vehículo está habilitado para o transporte de máis de nove persoas incluído o condutor tributará como autobús.
  - Se o vehículo estívese autorizado para transportar máis de 525 quilogramos de carga útil tributará como camión.
- d. Os vehículos denominados autocaravanas serán considerados furgonetas para os efectos de tributación.
- e. Os furgóns, excepto o mixto adaptable, tributarán como camiós.
- f. Os coches fúnebres tributarán como turismos.

## Artigo 6.- Bonificacións

**[ NOTA: O parágrafo 2 deste artigo recolle a redacción aprobada polo acordo plenario do 7 de abril de 2022, con vixencia dende o 1 de xaneiro de 2023 ]**

1. Gozarán dunha bonificación do 100 por cento na cota os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados dende a data da súa fabricación, tomándose como tal, se esta non se coñecese, a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

Esta bonificación declararase de oficio pola Administración tributaria competente, de acordo coa información sobre a antigüidade do vehículo existente nos rexistros da Dirección Xeral de Tráfico.
2. Establécense as seguintes bonificacións en razón da incidencia dos vehículos no medio ambiente, atendendo ás características do motor e á clase de carburante que consten nos rexistros da Dirección Xeral de Tráfico:
  - a. Do 75 por cento, durante os 5 anos naturais contados dende a data de primeira matriculación, ao respecto dos vehículos máis eficientes, provistos do distintivo ambiental 0 emisións, clasificados como: eléctricos de batería (BEV), eléctricos híbridos enchufables (PHEV), eléctricos de autonomía estendida (REEV) cunha autonomía mínima de 40 km, ou vehículos de pila de combustible.

- b. Do 50 por cento, durante os 5 anos naturais contados dende a data de primeira matriculación, ao respecto dos vehículos clasificados como: vehículos de gas licuado de petróleo (GLP), gas natural comprimido, gas natural licuado, hidróxeno, biometano, etanol, ou biodiésel.
- c. Do 50 por cento, durante os 5 anos naturais contados dende a data de primeira matriculación, ao respecto dos vehículos clasificados como: vehículos eléctricos enchufables con autonomía inferior a 40 km, ou híbridos non enchufables (HEV).

As bonificacións deste apartado deberán solicitálas os suxeitos pasivos mediante instancia dirixida ao órgano competente, achegando, xunto ao permiso de circulación, a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías indicadas.

Os beneficios desta natureza solicitados antes de que a liquidación correspondente adquira firmeza concederanse con efectos do período impositivo en que se solicitaron, sempre que na data de devindicación concorresen os requisitos legalmente esixibles para o seu desfrute.

## **Artigo 7.- Período impositivo e devindicación**

1. O período impositivo coincide co ano natural, agás no caso da primeira adquisición dos vehículos. Neste caso, o período impositivo comezará o día no que se produza a dita adquisición.
2. A devindicación, ou dereito a percibir o imposto, orixínase o primeiro día do período impositivo.
3. O importe da cota do imposto ratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o rateo da cota, nos mesmos termos, nos supostos de baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, e isto dende o momento no que se produza a dita baixa temporal no rexistro público correspondente.

Cando proceda o rateo da cota por alta do vehículo, o suxeito pasivo virá obrigado a satisfacer a parte da dita cota correspondente aos trimestres do ano pendentes de transcorrer incluído aquel no que terá lugar a referida alta.

Cando proceda o rateo por baixa definitiva ou temporal por subtracción ou roubo do vehículo, o suxeito pasivo verase obrigado a satisfacer a parte da cota

correspondente aos trimestres do ano que teñan transcorrido, incluído aquel no que se produciu a referida baixa.

Cando o concello coñeza a baixa do vehículo antes da elaboración do documento cobro, o imposto liquidarase co rateo da cota que corresponda. Se a baixa do vehículo se produce con posterioridade á elaboración do documento de cobro e se fixera efectivo o pago do imposto, o suxeito pasivo poderá solicitar a devolución proporcional da cota ingresada.

4. No suposto de transferencia ou cambio de domicilio con transcendencia tributaria, a cota será irredutible e o obrigado ao pago de imposto será o que figure como titular do vehículo no permiso de circulación o día primeiro de xaneiro.

## **Artigo 8.-Réxime de declaración e liquidación**

1. Correspóndelle a este Concello a xestión, liquidación, recadación e inspección do imposto, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria, respecto dos vehículos dos que conste no seu permiso de circulación un domicilio do termo municipal da Estrada, sen prexuízo dos convenios ou acordos de delegación de competencias que se poidan establecer, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 7, 8, 14 e 98 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.
2. Nos supostos de adquisición e primeira matriculación dos vehículos ou reforma que altere a súa clasificación, o imposto esixirase en réxime de autoliquidación. Nestes casos, o suxeito pasivo estará obrigado a formular a correspondente declaración e liquidación no correspondente impreso facilitado pola Administración tributaria local. A este impreso unirase a documentación acreditativa da compra ou modificación, así como o certificado das características técnicas do vehículo e o Documento Nacional de Identidade ou Código de Identificación Fiscal do contribuínte.
3. A liquidación poderase presentar polo interesado ou polo seu representante nas oficinas municipais, onde se lle prestará ao contribuínte toda a asistencia necesaria para facer as súas declaracións.
4. Nos supostos de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o imposto xestionarase a partir do padrón anual.

As modificacións do padrón do imposto fundamentaranse nos datos do rexistro público de tráfico e nas comunicacións da Xefatura de Tráfico relativas a altas, baixas, transferencias e cambios de domicilio. Ademais, poderanse incorporar

outras informacións sobre baixas e cambios de domicilio das que dispoña o Concello.

O padrón exporase ao público por un prazo de quince días hábiles para que os interesados lexítimos poidan examinalo, e no seu caso, formular as reclamacións oportunas. Esta exposición ao público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación colectiva á que se refire o artigo 124.3 da Lei 230/63, do 28 de decembro, Xeral Tributaria.

## **Artigo 9.-Pagamento e ingreso do imposto**

1. Nos supostos de autoliquidación, o suxeito pasivo está obrigado a realizar, no momento da presentación do correspondente impreso, o ingreso da débeda tributaria resultante nas oficinas da tesourería municipal ou nas entidades de crédito debidamente autorizadas. Con carácter previo á matriculación do vehículo, a oficina xestora verificará que o pago se fixo na contía correcta, e deixará constancia da verificación no impreso de declaración.

As demais liquidacións de ingreso directo satisfaranse en período voluntario nos seguintes prazos fixados polo Regulamento Xeral de Recadación:

- a. Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.
- b. Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

O prazo de ingreso das débedas de cobro por recibo notificadas colectivamente determinarase cada ano e anunciarase publicamente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

2. Rematado o prazo de pagamento en período voluntario, sen facerse efectiva a débeda, comezará o período executivo de recadación, que leva consigo o recargo do 20 por cento do importe da débeda non ingresada máis os xuros de demora correspondentes. Este recargo será do 10 por cento cando a débeda se ingrese antes de se notificar a providencia de prema.
3. Quen solicite ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou certificación da aptitude para a circulación dun vehículo deberá acreditar previamente o pagamento do imposto.



Os titulares dos vehículos, cando comuniquen a súa reforma á Xefatura Provincial de Tráfico, sempre que se altere súa clasificación para efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou da baixa dos ditos vehículos, deberán acreditar previamente, ante a referida Xefatura Provincial, o pagamento do último recibo do imposto presentado a cobro, sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago de todas as débedas polo dito concepto devindicadas, liquidadas, presentadas a cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obriga de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou máis anos de antigüidade.

## Artigo 10.- Infraccións e sancións

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a cualificación das sancións correspondentes , rexerá o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA. MODIFICACIÓNS DO IMPOSTO

As modificacións introducidas na regulación do imposto polas Leis de orzamentos xerais do Estado e demais leis ou disposicións, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita desta ordenanza.

	Acordo	Publicación B.O.P.
<b>Aprobación</b>	Pleno 30-12-1993	B.O.P. nº 59, do 25-03-1994
<b>1ª Modificación</b>	Plenos 1-12-1995 e 12-04-1996	B.O.P. nº 77, do 19-04-1996
<b>2ª Modificación</b>	Plenos 30-12-1999 e 10-05-2000	B.O.P. nº 99, do 25-05-2000
<b>Adaptación monetaria</b>	Res. Alc. nº 1421/2001, do 19-novembro	B.O.P. nº 235, do 7-12-2001
<b>3ª Modificación</b>	Pleno 10-11-2003	B.O.P. nº 248, do 26-12-2003
<b>4ª Modificación</b>	Plenos 2-10-2014 e 18-12-2014	B.O.P. nº 250, do 30-12-2014
<b>5ª Modificación</b>	Pleno 07-04-2022	B.O.P. nº 132, 12-07-2022